

# VII BUDIÑORAI

## EUROCIDADE VALENÇA-TUI

4ª Proba da liga Galega de Raids de Aventura

SABADO  
**10**  
SETEMBRO  
2022

**5 SECTORES**

**110Km**

**10H**

ORGANIZA



Trekking  
BTT  
Orientación específica  
Kaiak  
Probas especiais...



MAIS INFORMACIÓN E  
INSCRIPCIONS  
[WWW.FEGADO.ES](http://WWW.FEGADO.ES)



COLABORAN



BOLETÍN 2

Contido:

01.- A ZONA DE COMPETICIÓN .....	3
02.- HORARIOS .....	5
03.- CATEGORÍAS, FORMATOS de EQUIPO e PARTICIPACIÓN .....	6
04.- DISTANCIA, SECCIÓNS e DURACIÓN .....	8
05.- ESQUEMA DE DESENROLO .....	10
06.- ZONAS e ESTRADAS PROHIBIDAS e PASOS PERMITIDOS .....	12
07.- CRONOMETRAXE .....	13
08.- MEDIO AMBIENTE .....	13
09.- MATERIAL OBRIGADO e PROHIBIDO .....	14
10.- CLASIFICACIÓN e PREMIOS .....	16
11.- PROTOCOLO COVID .....	16
12.- ORGANIZACIÓN e CONTACTO .....	17
13.- COLABORADORES .....	18

01.- A ZONA DE COMPETIÇÃO

O 7º **BUDIÑORAID** 2022 vai discorrer polos concellos de **Valença do Minho** e **Tui**, ambos á beira do río Miño; Rexión transfronteiriza situada entre España e Portugal denominada **Eurocidade Tui-Valença** e terá como lugar de saída e meta a **fortaleza do concello de Valença de Minho**.




*4930-688 Valença, Portugal*



## 7º BUDIÑORAID Eurocidade Valença-Tui 2022

**Disporase de chan duro e duchas nunha zona preto da saída.** O chan duro estará aberto a partir das 20h do venres 9 de Setembro. As duchas pecharanse as 21:30h do sábado 10 de Setembro



*Av. da Juventude, Valença, Portugal*



## 7º BUDIÑORAID Eurocidade Valença-Tui 2022

### 02.- HORARIOS

O 7º BUDIÑORAID Eurocidade Valença-Tui 2022 vai presentar os seguintes horarios:

DÍA	HORA	LUGAR	EVENTO
MARTES 6/09	22.00		Peche Inscricións
MÉRCORES 7/09	22.00	<a href="http://www.fegado.es">www.fegado.es</a>	Lista Equipos Inscritos
XOVES 8/09	22.00	<a href="http://www.fegado.es">www.fegado.es</a>	Publicación Raid Books e Prebreafing
VENRES 9/09	20.00 - 22.00	Piscina municipal Valença	Entrega de Dorsais e Apertura de Chan duro
SÁBADO 10/09	07.30 - 08.30	Fortaleza de Valença	Apertura de Boxes e recepción de equipos Categorías 3.0 e 2+1
	08.30 - 08:45		Charla Técnica previa Categorías 3.0 e 2+1 (Equipos en formación)
	09:00		Entrega de Mapas Categorías 3.0 e 2+1
	09:30		<b>SAÍDA RAID</b> cats. 3.0 e 2+1
SÁBADO 10/09	09.30 -- 10.30	Fortaleza de Valença	Apertura de Boxes e recepción de equipos Orienta-Raid
	10.30 -- 10:40		Charla Técnica previa (Equipos en formación)
	10:40		Entrega de Mapas Categoría Orienta-Raid
	11:00		<b>SAÍDA RAID</b> cat. Orienta – Raid
	17:00		<b>META</b> Categoría Orienta-Raid
SÁBADO 10/09	19:30	Fortaleza de Valença	<b>META</b> Categorías 3.0 e 2+1
SÁBADO 10/09	20.30	Piscina municipal Valença	Entrega de trofeos e Pincho de confraternidade

- A entrega de MAPAS farase o mesmo tempo para tódolos equipos.
- A Saída dos equipos farase en masa.



### 03.- CATEGORÍAS, FORMATOS de EQUIPO e PARTICIPACIÓN

A Proba vai incluír as seguintes categorías de competición baixo os seguintes formatos de equipo:

- **RAID-O 3.0:** Categoría Oficial con formato **3 compoñentes**. 3 compoñentes sempre en competición. Non se poderá relevar ós 3 compoñentes en carreira en ningún momento da proba. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición de **cambio de sector**.
- **RAID-O 2+1:** Categoría Oficial con formato **2+1 reserva - asistencia**, 2 compoñentes sempre en competición e un posible reserva – asistencia, que poderá substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición de **cambio de sector**.
- **ORIENTA-RAID:** Categoría de Iniciación con formato **2 + sen límites**, 2 compoñentes mínimo e 5 máximo en competición e sen límite de compoñentes reservas-asistencias, que poderán substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición.

Para poder participar no 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022 **será obrigatorio que todos os participantes teñan 18 anos cumpridos**, e deben estar en posesión da licenza de Raids da FEDO, ben na súa versión anual, ou ben tramitando a licenza de un día.

Para que un equipo poida puntuar para a **liga galega de raids de orientación 2022** todo los seus membros deberán ter tramitada a **licenza federativa de raids da tempada 2022 por un clube galego**.

A organización reservase o dereito de admisión na súa proba para toa aquela persoa, equipo ou clube que teña débedas pendentes co clube organizador a peche de inscricións.

Durante a carreira **o trafico estará aberto** polo que se deben **respetar as normas de circulación**. Estar participando no raid non outorga ningunha prioridade.

## 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022

### PROGRESIÓN EN SOLITARIO

*“É aquela situación na que un competidor de un equipo avanza só polo terreo, co obxectivo de solventar ou sacar proveito de algunha circunstancia competitiva”*

No 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022 está **totalmente prohibido** que un corredor de un equipo progrese en solitario, a **excepción** daqueles sectores onde a organización do raid o autorice expresamente, como poder ser no caso de certas probas especiais ou no sector de Kaiak onde un dos compoñente do equipo non participa no sector.

**O equipo que progrese en solitario será descualificado.**

### EQUIPO SEPARADO

*“É aquela situación na que os compoñentes de un equipo teñan perdido o contacto visual directo entre si, e este contacto non se recupere de forma natural en menos de 1 minuto”*

No 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022 está **totalmente prohibido** que un equipo progrese separado.

**O equipo que progrese separado será sancionado.**

### PUNTOS DE CONTROL DE PASO

Todos os puntos de control do BUDIÑORAIID 2022 estarán equipados con un sistema electrónico de control de paso. Os compoñentes do equipo deberán “picar” o Punto de Control cunha diferenza de tempo inferior a 1 minuto.

Os propios competidores serán responsables de **limpar** a tarxeta de control e **comprobar** que funcione correctamente **antes do inicio do raid e en cada punto de descarga intermedio**, de non extraviar ou perdela, de mantela en boas condicións de uso, e de fichar correctamente en cada control.

### AXUDA EXTERNA

*“Durante o desenrolo da competición, no percorrido da mesma, non se permitirá que interveñan outras persoas que non sexan os compoñentes dos equipos que estean disputando o sector”*

No 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022 está **totalmente prohibido** proporcionar axuda externa ou dar instrucións ós competidores durante o percorrido, a non ser dentro dos puntos de Transición de cambio de sector.

**Toda axuda que se considere externa implicará a descualificación do equipo.**

## 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022

### 04.- DISTANCIA, SECCIÓNS e DURACIÓN

O 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022 vai a dividirse nos seguintes **sectores** de competición, e vai a realizarse baixo as seguintes **disciplinas** para a **distancia aproximada** seguinte:

(as **distancias** exactas, os **mellores tempos e tempos medios estimados** para cada unha das categorías que se acaban de citar vanse a detallar no **Boletín 3**)

#### **Categorías 3.0 e 2+1:**

SECTOR	DISTANCIA aproximada	DESNIVEL + aprox.	MELLOR TEMPO estimado	TEMPO MEDIO estimado
O-PE	2 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
BTT	35 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
KAIKAK	8 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
TREKKING	22 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
BTT	35 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
<b>TOTAL</b>	<b>102 Km</b>	<b>Boletín 3</b>	<b>Boletín 3</b>	<b>Boletín 3</b>

#### **Categoría Orienta-Raid:**

SECTOR	DISTANCIA aproximada	DESNIVEL + aprox.	MELLOR TEMPO estimado	TEMPO MEDIO estimado
O-PE	2 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
BTT	26 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
KAIKAK	4 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
TREKKING	16 Km.	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
<b>TOTAL</b>	<b>48 Km</b>	<b>Boletín 3</b>	<b>Boletín 3</b>	<b>Boletín 3</b>



## 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022

### **TEMPO DE CARRERIA:**

Os equipos que entren fóra de control **perderán todos os puntos da sección** que estean disputando.

Considerase que un equipo entra fóra de control canto **teña superado o tempoeffectivo de carreira** que teña para **entrar en meta**.

**Art – 141.3 “O tempo efectivo para cada equipo será a resultante de descontar, do tempo de carreira, as neutralizacións e agravios que haxan sufrido durante o recorrido”**

**O tempo efectivo de carreira establece os seguintes horarios para tódolos equipos:**

DIA	SAÍDA	META	TEMPO EFECTIVO	CATEGORÍAS
SÁBADO 10/09	09:30	19:30	10h	3.0 e 2+1
SÁBADO 10/09	11:00	17:00	6h	Orienta - Raid

**Art – 141.2 “A hora de peche de meta terá en conta o tempo efectivo de carreira de cada equipo, po lo que terase en conta o tempo que cada equipo houbera estado neutralizado.”**


E responsabilidade dos equipo o coñecer e ter controlado en todo momento o seu tempo de carreira (Preguntando o controlador sobre cada neutralización, utilizando cronómetros propios, etc..)

**Os equipos que cheguen a meta mais aló do seu tempo máximo de carreira, perderán tódolos puntos da sección que estiveran disputando. Os equipos que tras 30 minutos do peche de meta non houberan descargado as súas pinzas, perderán tódolos puntos do raid.**


05.- ESQUEMA DE DESENROLO

Esquema dos Sectores e Transicións do 7º BUDIÑORAID 2022:

**CATEGORIAS 3.0 e 2+1:**



**CATEGORIA OrientaRaid:**



O 7º BUDIÑORAID 2022 vai ser un raid liñal, con sectores maioritariamente liñais habendo algún sector score.

**SECTORES LIÑAIS / SCORE**

Un **Sector Liñal** é aquel no que os **PC's** (puntos de control) existentes no mesmo teñen que ser **visitados obrigatoriamente na orde establecida**. Isto non quere dicir que todos teñan que ser visitados, pódense descartar igualmente PC's en estes sectores, sen embargo a pesar de isto débese continuar a orde establecida. Por exemplo, *debemos visitar o PC 1, a continuación o PC2, decidimos descartar e non visitar o PC3, pero a continuación obrigatoriamente nos temos que dirixir o PC4 (se non decidimos descartar este) para continuar co PC5, PC6, etc...*

Un **Sector Score** é aquel no que os **PC's** existentes no mesmo poden ser **visitados na orde que decidamos**. Por exemplo, *en primeiro lugar decidimos visitar o PC 6 porque está maispreto, a continuación o PC2 xa que continuamos correndo por terreo chan, a continuación decidimos descartar e non visitar o PC7 porque está en unha cota moi elevada, pero a continuación decidimos ir o PC1 para continuar co PC5, PC3, PC6, etc...*

Un Sector Score pode ser realizado en modo liñal se así o decidimos, todos os controis picados serán válidos, e correcto o sector. **Pola contra se non realizamos un Sector Liñal na orde establecida, ou sexa en Score, o sector será incorrecto, e só se darán por válidos os derradeiros puntos de control visitados en orde.**

### RAID DE ESTRATEXIA

**O BUDIÑORAID 2022 vai ser un raid de Estratexia. Non todos os equipos** que van participar van ser quen de **completar a totalidade** das distancias que se acaban de indicar na táboa anterior para cada sector, no **tempo efectivo total de carreira**. Para non chegar **fora de control** vai haber pois que empregar a estratexia, xa que haberá que **deixar de visitar algúns puntos de control**, incluso dende os primeiros sectores xa. Debido a **importante variedade de tipos de terreo** polos que vai discorrer a proba, o que vai facer que a **dificultade física e técnica** para acadar cada punto de control sexa diferente en cada un deles, polo que **cada punto de control** vai a ter **unha puntuación diferente**. Recordade que a **clasificación xeral final** vai a ter en conta en primeiro lugar a **puntuación total obtida** polo que ten unha enorme importancia facer unha boa **estratexia** á hora de elixir que puntos de control visitar e cales descartar en función da puntuación de estes.

### PROBAS ESPECIAIS

No 7º BUDIÑORAID 2022 **haberá una proba especial de patinaxe a realizar só polo compoñente dos equipos 3.0 que non faga o sector de Kaiak**. Os equipos 2+1 e orienta-raid non fan esta proba especial.

A organización establecerá un **punto na transición 2** onde os equipos que non dispoñan de asistencia, **poderán entregar o material de patinaxe ou calquera outro que xa non precisen despois do sector do kayak** (cun límite de unha bolsa de 30L por equipo, subministrada pola organización) e tamén **os remos da súa propiedade**, que lles serán levados de volta a **transición 1**.

Haberá tamén unha proba de **O-Pe** a realizar no medio do segundo sector de carreira (BTT) o cal estará indicado no mapa do sector.

As probas especiais que se encontren no transcurso dun sector **non se consideran como puntos de transición** polo que os equipos non poder ser asistidos en tales puntos. Ditas probas deberan ser realizadas **exclusivamente polos compoñentes que veñan realizando o sector**. **Excepción a esta norma serán os equipos OrientaRaid, os cales SI poderán facer o relevo de compoñentes na proba especial de O-Pe como se de unha transición se tratase.**

## 06.- ZONAS e ESTRADAS PROHIBIDAS e PASOS PERMITIDOS

En algunhas zonas o Raid vai a discorrer por **zonas poboadas**, algunhas **zonas industriais** e lugares con numerosas e **importantes vías de comunicación** que hai que **atravesar** (Estradas Autonómicas, Autovías, Autopistas e Vías Férreas). **Co fin de atravesar estas infraestruturas en unhas condicións óptimas de seguridade a organización vai a dispoñer varios Pasos permitidos, perfectamente indicados nos mapas de cada sector, polos cales os corredores deben cruzar en caso de que decidan visitar as balizas que se sitúen en esas zonas. Queda totalmente prohibido tanto circular como atravesar estas vías de comunicación, perfectamente identificadas nos mapas con un sombreado púrpura sólido, por calquera outro sitio distinto dos permitidos.**

Ademais vanse a sinalar como **zonas prohibidas** algunhas áreas onde o acceso e o tránsito non é posible. **Se algún equipo discorre por algunha de estas zonas prohibidas será descualificado.**

A organización, co fin de organizar o tráfico en estes puntos, vai a dispoñer **persoal do clube controlando estes pasos permitidos** e así como as **zonas prohibidas**, os cales ó mesmo tempo van a tomar nota dos equipos que atravesan cada paso en cada momento. **Os equipos que non crucen as estradas e vías ferroviarias por estes pasos permitidos e o fagan polas vías e/ou áreas prohibidas serán descualificados** xa que estarán incumprindo unha norma de seguridade.

## 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022

### 07.- CRONOMETRAXE

O control de tempos e puntos de control do 7º BUDIÑORAIID 2022 vai realizarse co sistema **SportIdent**. Faranse descargas intermedias no punto habilitado de descarga na transición 1.

No 7º BUDIÑORAIID 2022 serán válidas as pinzas **SI-10, SI-11 ou SIAC**, unha por compoñente do equipo para as categorías 3.0 e 2+1 e unha por equipo para a categoría **OrientaRaid**.

**E única e exclusiva responsabilidade dos equipos proceder a correcta picada da baliza final de sector, e a descarga e limpeza das súas pinzas.**

Todo os corredores, incluído os retirados, deben pasar polo liña de meta o finalizar.

#### MOI IMPORTANTE:

Os compoñentes do equipo han de descargar o **SPORTIDENT** xuntos.

Non se permitirá a ningún equipo descargar o **SPORTIDENT** se falta algún dos membros do equipo e o tempo de espera seguirá contabilizando nos **30 minutos** dispoñibles para descargar o final do raid.

### 08.- MEDIO AMBIENTE

O 7º BUDIÑORAIID 2022 vai percorrer na súa gran maioría por **espazos naturais**. Algúns dos cales están catalogados como **Lugar de Interese Comunitario**, e protexidos polo tanto dentro dos **Espazos Naturais da Rede Natura 2000**, ademais de transcorrer polo interior do **Parque Natural do Monte Aloia** onde **está totalmente prohibido circular coas bicis fóra dos camiños existentes**. Este é un requirimento normativo tanto do **Parque Natural do Monte Aloia** como da **Consellería de Medio Ambiente**. Como en todas e cada unha das probas que se desenrolan na natureza estamos obrigados a **coidar e respectar** os lugares polos que pasamos. Prégase pois a todos os corredores que **non tiren lixo, respecten os trazados existentes** nestes espazos naturais, e **non fagan ruído** durante a carreira.

**Especial precaución deberedes ter nos recintos amurallados e fortificacións**, xa que parte do percorrido discorre polo seu interior. Estarán perfectamente sinalizados os pasos permitidos, o mesmo ou distinto nivel, **estando totalmente prohibido percorrer ou saltar os muros deste patrimonio histórico, por baixos que estes sexan. Así como atravesar por calquera outro sitio distinto dos establecidos para o paso de persoas.**

**!! Os equipos que non respecten estas normas serán sancionados !!**

### 09.- MATERIAL OBRIGADO e PROHIBIDO

Os equipos deberán traer, e portar no seu caso, o material obrigatorio do raid, tanto o xeral da proba como o específico para as probas especiais.

No BUDIÑORAIID 2022 os **equipos**, para a súa seguridade, **deberán ter, e portar no seu caso, o seguinte material Obrigatorio:**

#### 1\_ Material Obrigatorio por Equipo sempre en carreira.

- **Compás** (brújula)
- **Teléfono Móbil** con batería, apagado e co PIN escrito no exterior.
- **Botiquín de Emerxencia** con cando menos Esparadrapo (2,5m.), Venda (2,5m.), Compresas ou apósitos (5 ud), Antiséptico (50 ml.), Analxésicos (5 udes), Desinflamatorios (5udes.)
- **Kit de Ferramentas para BTT** (Nos sectores de BTT)

#### 2\_ Material Obrigatorio por Corredor sempre en carreira.

- **Silbato**, e coñecer o código morse de S.O.S (...---...)
- **Manta Térmica.**
- **Camiseta Térmica manga longa ou corta ventos.**
- **Mochila .**
- **Recipiente para bebida** (mínimo 1 l.)
- **Ración Enerxética** (minimo 200 gr.)

#### 3\_ Material Obrigatorio por Equipo no sector de kaiak.

- **Kaiak** (uso obrigado do kaiak aportado pola organización)
- **Pas Kaiak** (aportadas pola organización ou propias)
- **Chaleco Kaiak** (uso obrigado do aportado pola organización)

#### 4\_ Material Obrigatorio por Corredor nos sectores de BTT.

- **BTT**
- **Casco BTT**
- **Luz Vermella traseira para BTT**
- **Reposto para picadas**



## 7º BUDIÑORAIID Eurocidade Valença-Tui 2022

### 5\_ Material Obrigatorio por corredor na proba de patinaxe.

- Patíns (en liña ou paralelos).
- Casco (pode valer o da BTT).

### 6\_ Material Aconsellable.

- Guantes ( para BTT e patíns)
- Corta ventos (dependendo do clima o día da proba)
- Chuvasqueiro (dependendo do clima o día da proba/kaiak)
- Braga de colo (dependendo do clima o día da proba)
- Polainas (vexetacións silvícola nesta época)
- Manguitos (vexetacións silvícola nesta época)
- Porta - mapas estanco (Kaiak)
- Porta - mapas BTT
- Protección para xeonllos e cóbados (Proba patinaxe)

### 8\_ Material Prohibido.

- Calquera dispositivo GPS con cartas de navegación.
- Calquera equipo de comunicación (teléfonos móbiles, radios, walkie talkie)

Dos indicados como **obligatorios**, considerase ademais como **material de seguridade** os seguintes:

- Teléfono Móbil.
- Botiquín de Emerxencia.
- Silbato.
- Manta térmica.
- Casco (Nas seccións onde e obrigatorio).
- Luz Vermella traseira para BTT.
- Chaleco Kaiak.

### **CONTROL DE MATERIAL**

A organización **realizará un ou varios control sorpresa** para comprobar se os equipos / corredores portan consigo este **material obrigatorio**.

### **SANCIÓNS**

*Aplicarase unha sanción de 3 pto*s por cada *elemento obrigatorio que non se porte*. Se o equipo é sancionado por **non portar 3 ou mais elementos** do Material Obrigatorio será **descualificado**. **Ademais, Sen o material considerado de seguridade non se poderá continuar a proba. A falta de un só elemento de seguridade suporá a retirada do equipo da competición.**

### 10.- CLASIFICACIÓN e PREMIOS

No 7º BudiñoRaid 2022 existirá unha clasificación independente para cada unha das seguintes categorías:

- **RAID-O 3.0**
- **RAID-O 2+1**
- **ORIENTA-RAID**

Así mesmo recibirán trofeo todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados nas categorías **3.0 e 2+1** e un trofeo por equipo na categoría **Orienta-Raid**.

**Os equipos clasificaranse por orde atendendo os seguintes criterios:**

1º Á **Suma Total dos puntos** obtidos nos controis visitados (cada punto de control terá un valor diferente en función da dificultade física e técnica para a súa obtención)

2º Ó **Tempo Total** invertido no raid para a obtención destes puntos.

Para que un **Equipo puntúe como Mixto na Liga Galega** de Raids de Orientación 2022 **debe formar como mixto a lo menos en 3 dos 5 sectores do Raid**.

Durante a entrega de trofeos haberá un pequeno **pincho de confraternidade** para agasallar os participantes.

### 11.- PROTOCOLO COVID

A actualización e flexibilización das medidas preventivas pola entrada en vigor dende o día 19 de abril de 2022 das medidas previstas no Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso das máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19

[https://fegado.es/web/uploads/documents/file/af9/6285078f6a-actualizacion-provisional-protocolo-fisicovid-fegado\\_act-maio2022\\_rev\\_signed.pdf](https://fegado.es/web/uploads/documents/file/af9/6285078f6a-actualizacion-provisional-protocolo-fisicovid-fegado_act-maio2022_rev_signed.pdf)

### 12.- ORGANIZACIÓN e CONTACTO

Este evento está organizado polo **BudiñoRAID**, a sección de Orientación da **Asociación Deportiva A FORNA de Budiño**, unha das 2 operativas en este momento. Esta asociación deportiva ten a súa sede no **Centro Cultural A FORNA de Budiño**, no concello de O Porriño.

Esta sección foi creada no ano 2012, ano no que empezou a competir en diversas probas do calendario galego da **Federación Galega de Orientación**, tanto en carreiras de Orientación a Pé, como en BTT ou en Raids de Orientación.

Co fin de expoñer toda a información, así como escoitar e tratar de clarear calquera dúbida sobre esta proba a citada asociación vai a poñer ó voso dispor os seguintes medios de contacto:

- **E-mail:** [budinhoraid@gmail.com](mailto:budinhoraid@gmail.com)
- **Páxina en Facebook:** [https://www.facebook.com/BUDI%C3%91ORAID\\_TerrasdoLouro-1626057347608405/?ref=bookmarks](https://www.facebook.com/BUDI%C3%91ORAID_TerrasdoLouro-1626057347608405/?ref=bookmarks)
  
- **WEB da Asociación:** <http://www.aforna.org>
- **WEB da Fegado:** <http://www.fegado.es>
  
- **Director de carreira:** Marcos Lago
- **Director técnico e trazado:** Maikel Rodríguez
- **Xuíz controlador:** Xoel Chamorro
- **Técnico Cronometraxe:** Javier Rodríguez
- **Xefe de seguridade:** Jose Cabaleiro
- **Responsable Fisio-Covid:** Javier Rodríguez

## 7º BUDIÑORAID Eurocidade Valença-Tui 2022

### 13.- COLABORADORES

Na organización do 7º BUDIÑORAID 2022, Xunto co clube organizador, o Budiñoraid, colaboran as seguintes Administracións :



CONCELLO DE TUI



EUROCIDADE  
VALENÇA .TUI



**Interreg**  
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA  
UNIÃO EUROPEIA



**XUNTA**  
**DE GALICIA**



Concello do Porriño

**O Porriño**  
O Concello do Deporte



concellería  
de deportes



**DEPORTE**  
**GALEGO**



Consejo  
Superior  
de Deportes

